

Fraseoloxía galega

A fraseoloxía empregada no ámbito da fala é semellante nas linguas romances, por teren estas unha orixe común, e por estaren presentes esas frases na mesma lingua latina. Moitas delas son latinismos empregados na linguaxe corrente escrita.

Moitas son as expresións españolas que suplantaron as tradicionais galegas, e polo tanto, as que debemos evitar. Estas son algunhas:

CASTELÁN	GALEGO
De tal palo tal astilla	Fillo de porco, marrán seguro
Andar con dimes e diretes	Andar con dixomedixomes
Dicho y hecho	Meu dito, meu feito
Una de cal y otra de arena	Unha no cravo, outra na ferradura
A lo hecho, pecho	O que ardeu, queimouse
Poner de vuelta y media	Poñelo pingando
A la vejez, viruelas	De vello, gaiteiro
¡Como está el patio!	Estache bo o galiñeiro
Hay moros en la costa	Hai roupa tendida; hai zocas debaixo da cama
Irse de la lengua	Botar a lingua a pacer
No es santo de mi devoción	Non vai no meu carro á misa
Poner los pies en polvorosa	Darlles sebo ás canelas
Salir el tiro por la culata	Saír a galiña choca
Salirse por peteneras	Mexar fóra do testo
Venir como anillo al dedo	Vir como embude á boca de xerro
Pagar justos por pecadores	Fanas os cochos e párganas os bacoriños
Como Pedro por su casa!	Coma Xan polo outeiro!
A palabras necias oídos sordos	Orneadas de burro non chegan ao ceo
La letra con sangre entra	Non hai razón coma a do bastón
El que la sigue la consigue	O moito soprar acende o lume

A seguir tedes unha lista de fraseoloxismos galegos:

Nin arre nin xo / nin boi nin vaca / nin ata nin desata / nin come nin deixa comer

Quen te fixo que te ature!

Morra o conto!

Outra vaca no millo!

Volta e dálle!

Tarde piaches!

Vai murar! / Vai muxir galiñas!

Madía leva! / Madía ten!

Pola boca pequena

Vir ao rego / volver ao rego / revirar as tornas

Darlle ao tarabelo / ao badalo

Pasou o día pasou a romaría

Botar os fígados / os bofes

Facerlle as beiras

Mollar a palleta

Custar ferro e fariña

Atoparlle o teto á vaca

Non ter papas na boca

Quedar algo en augas de bacallau

Mallar en ferro frío

Confundir o cu coas témporas / allos con bugallos

Prender como unha silva

Pouca la e polas silveiras!